



# PROXECTO DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

CURSO 2024/25



CEIP PLURILINGÜE VIRXE DO MAR

Rúa Illas Cíes, nº 2

15570 Narón- A Coruña

Tfno: 881 93 03 83

[ceip.virxedomar@edu.xunta.es](mailto:ceip.virxedomar@edu.xunta.es)

## CONTIDO

1.-XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO.....	3
2.-ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO.....	3
2.1.-A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	3
2.2.-A SITUACIÓN DO PROFESORADO.....	4
2.3.-A SITUACIÓN DO ALUMNADO.....	5
2.4.-A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	6
DISTRIBUCIÓN HORARIA (CASTELÁN/GALEGO):.....	7
3.-DESCRIBIÓN DOS OBXECTIVOS.....	7
3.1.-RESPECTO Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	8
3.2.-RESPECTO Á SITUACIÓN DO PROFESORADO.....	8
3.3.-RESPECTO Á SITUACIÓN DO ALUMNADO.....	8
3.4.-RESPECTO Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	8
4.- DESCRIBIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA ATENDENDO A ACADAR OS OBXECTIVOS DOS DIFERENTES SECTORES.....	9
4.1.-A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO.....	9
4.1.1.-CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES E TRADICIONAIS.....	9
O SAMAÍN.....	10
OBXECTIVOS.....	10
O MAGOSTO.....	10
OBXECTIVOS.....	11
O ENTROIDO.....	11
OBXECTIVOS.....	11
OS MAIOS.....	12
OBXECTIVOS.....	12
4.1.2.-COÑECENDO O NOSO PATRIMONIO SOCIOCULTURAL E ARTÍSTICO.....	12
OBXECTIVOS.....	12
4.2.-A SITUACIÓN DO PROFESORADO.....	13
4.2.1.- FORMACIÓN DO PROFESORADO. PFPP (DESEÑO DE SITUACIÓNS DE APRENDIZAXE /	

PATIOS INCLUSIVOS E CREACIÓN DE ESPAZOS / E-DIXGAL)	13
4.2.2.- NOVIEMBRE: MES DA CIENCIA EN GALEGO	14
HORA DE LER	14
OBXECTIVOS	14
VISITA DALGÚN AUTOR/A COÑECIDO/A DA LITERATURA GALEGA OU CONTACONTOS	14
OBXECTIVOS	15
PRENSA - ESCOLA	15
OBXECTIVOS	15
4.2.4.- ACTIVIDADES MOTIVADORAS	15
INTERNET NAS AULAS	15
4.3.-A SITUACIÓN DO ALUMNADO	16
ACTIVIDADES VARIADAS NA RADIO DO CENTRO	17
OBXECTIVOS	18
4.4.-A SITUACIÓN DO CENTRO	18
4.4.1.-CONMEMORACIÓNS E ACTIVIDADES COLECTIVAS	18
4.4.2.-A NOSA REVISTA "ANDAR"	18
OBXECTIVOS	19
5.- CONCLUSIÓN	19
6.-CADRO DA TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES	19

## **1.- XUSTIFICACIÓN DO PROXECTO**

Entre o alumnado que recibe o CEIP Virxe do Mar atópase un grupo de nenos/as que proceden de diversos países (Marrocos, Sudamérica...) ou doutras comunidades autónomas. Os pais descoñecen a lingua galega, sumándose aos castelán-falantes que tamén descoñecen o galego.

Dado que no seu entorno familiar non usan a lingua galega, este Equipo de Dinamización da Lingua Galega (EDLG) ademais de promover o galego dentro da Comunidade Escolar, trata de combinar coa ANPA todos os esforzos posibles para desenvolver actividades que dalgunha maneira favorezan o emprego (tanto dos pais coma dos fillos) da lingua galega na vida cotiá.

Isto facémolo para conseguir que o galego ocupe, tanto na lingua oral como na escrita, o lugar que lexitimamente lle corresponde, é dicir, que se use nun grao equilibrado co castelán. Este logro só se acada se se utiliza a lingua galega en todos os ámbitos da vida social e escolar.

Tomando como base o exposto anteriormente, deseñouse este proxecto, no que o seu principal protagonista é o alumnado, creando un espazo e contextos vivos, onde podan acadar unha axeitada competencia lingüística, así como os demais obxectivos e pretensións, que figuran detalladamente nel.

## **2.- ESTUDO SOCIOLINGÜÍSTICO DO CENTRO**

### **2.1.- A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

O CEIP Virxe do Mar está situado na zona urbana do Concello de Narón (provincia de A Coruña) onde case a totalidade das familias coñecen e entenden as dúas linguas oficiais de Galicia aínda que falen maioritariamente o castelán (agás o alumnado estranxeiro e os que proceden doutras comunidades).

Así pois na práctica social, o galego non ten a mesma presenza que o castelán por razóns históricas de desprestixio e abandono. O barrio no que se localiza o centro acostumaba estar ocupado por familias de procedencia militar que procedían ás veces doutras comunidades autónomas para as que o galego resultaba unha lingua foránea e estraña.

Esta situación mudou nos últimos anos e, na actualidade, a ocupación laboral

das familias que habitan o barrio é moi diversa e de diversas nacionalidades.

Tendo en conta esta castelanización da zona onde se localiza o colexio é razoable que se leve a cabo un proxecto coma este, tendente a lexitimar o galego como lingua útil para usala en todos os contextos e situacións.

## 2.2.- A SITUACIÓN DO PROFESORADO

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar conta co seguinte profesorado:

Educación Infantil	Titora de 3 anos	Mestra de apoio
	Titora de 4 anos	
	Titora de 5 anos	
Educación Primaria	Titora de 1º A	
	Titora de 2ºA	
	Titora de 2ºB	
	Titora de 3ºA	
	Titora de 3ºB	
	Titora de 4ºA	
	Titora de 4ºB	
	Titora de 5ºA	
	Titora de 6ºA	
Especialistas	Lingua Inglesa (E.I. e E.P.)	2 mestres/as
	Educación Artística (Música)	
	Educación Física	
	Relixión	2 mestras compartidas con outros centros de relixión católica. 1 mestra de relixión evanxélica.
Departamento de orientación	Pedagogía Terapéutica	2 mestras. Unha delas de atención preferente.
	Audición e Linguaxe	1mestra
	Xefe do D.O.	1 compartido con outro centro da contorna

O profesorado está implicado en todas as actividades e programas para a dinamización do uso da lingua galega e fomenta a participación do alumnado no seu desenvolvemento.

Contamos co apoio total da Dirección do Centro, así coma dos distintos Equipos e

traballamos colectivamente, na consecución dos obxectivos básicos e o desenvolvemento das actividades deseñadas neste proxecto. No presente curso, para facilitar unha mellor xestión e efectividade, mantemos unha reunión trimestral o Equipo Directivo e os/as coordinadores/as dos distintos equipos, para organizar as distintas actividades colectivas a realizar no centro, onde o Equipo Directivo e resto de equipos comunicamos todas as actividades deseñadas, novidades e intercambiamos suxestións e/ou propostas.

Todas as suxestións levadas a dita reunión foron recollidas das diferentes adendas feitas nas reunión dos equipos de ciclo, biblioteca, TIC's, extraescolares e o EDLG que se levan a cabo os martes pola tarde, co fin de organizar e optimizar os recurso do centro.

Así ben, co fin de organizar e informar ao claustro, expóranse para o seu consenso nas reunións dos diferentes equipos onde se encontran representados membros de todos os ciclos.

### **2.3.-A SITUACIÓN DO ALUMNADO**

O seu nivel económico, é, en xeral, medio-baixo. A lingua familiar predominante é o castelán aínda que, a excepción dos estranxeiros e dos alumnos/as que veñen doutras comunidades, todos coñecen e entenden o galego e escóitano en ámbitos familiares (a casa dos avós, na tv, na escola...).

Tanto co alumnado de orixe estranxeira coma c@s alumnos/as procedentes doutras comunidades autónomas e @s alumnos/as de etnia xitana, é adecuada salientar a necesidade de ser flexibles, xa que atopan na escola un contexto lingüístico moi diferente do familiar, lembrando a importancia de que estean en contacto co galego, que se divirtan coas nosas festividades, que coñezan a nosa cultura e que vaian aprendendo progresivamente a lingua, ata facela máis súa. Trátase de conseguir que sexan competentes tanto a nivel oral coma escrito, en igualdade co castelán.

A mobilidade dos alumnos é debida, especialmente, a que os pais que traballan neste concello, rematan os traballos aos que poden ter acceso e trasládanse a outros concellos nos que atopan outro traballo e polo tanto, levan aos seus fillos a outros centros educativos da comarca.

## 2.4.- A SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO

As/os alumn@s deste centro teñen moi distinta e variada procedencia, así, dadas as características do alumnado, a lingua predominante é o castelán.

Con este plan pretendemos introducir todos os recursos e actividades posibles para fomentar máis o uso e desfrute da lingua galega.

Segundo indica o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia procurárase un equilibrio no número de horas ao ensino da materia de lingua galega coa lingua castelá.

Ademais desta disposición legal, por parte de todo o profesorado, existe unha implicación para lograr unha dinamización do uso do galego na vida escolar d@s alumnos/as, xa que de común acordo falamos en galego maioritariamente como lingua oral de comunicación habitual.

Na Educación Infantil o profesorado usa na aula as dúas linguas. Na aula de 3 anos predomina a lingua materna, incorporando progresivamente o galego ata acadar o 50%. Neste nivel, a lingua determinada como materna é o castelán. O centro está nun contorno castelán falante, pero na etapa de EI o uso do galego será igual ao castelán, polo que se fomentará progresivamente o uso do galego.

A lingua predominante determinouse no Claustro de profesores tendo en conta os seguintes criterios: información achegada polos pais, datos estatísticos do Concello e datos do mapa sociolingüístico de Galicia.

Na Etapa de Educación Primaria seguindo o Decreto 79/2010 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia:

- Garantírase a adquisición da competencia lingüística propia da etapa e do nivel nas dúas linguas oficiais de Galicia.
- As materias de lingua impartíranse no idioma de referencia.
- Impartírase en galego a materia de Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural (agora Ciencias Naturais e Ciencias Sociais) e, en castelán, a materia de Matemáticas.
- Cada centro educativo, segundo o procedemento establecido no regulamento de centros, decidirá a lingua en que se impartirá o resto de materias de cada curso, garantindo que as materias en galego e en castelán se distribúen na mesma

porcentaxe de horas semanais, sen prexuízo do disposto no capítulo IV (sobre a impartición de materias en linguas estranxeiras). Este proceso realizarase cada catro cursos escolares.

### **DISTRIBUCIÓN HORARIA (CASTELÁN/GALEGO)**

Áreas	Cursos					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4	4	4	4	4	4
Lingua castelá e literatura	4	4	4	4	4	4
Matemáticas (castelán)	5	5	4	4	4	4
Ciencias sociais (galego)	2	3	2	3	2	2
Ciencias naturais (galego)	3	2	3	2	3	2
Lingua estranxeira (inglés)	2	2	3	3	3	3
Educación artística (galego musica/inglés plástica)	2	2	2	2	2	2
Educación física (galego)	2	2	2	2	2	2
Relixión/Proxecto Competencial (castelán/galego)	1	1	1	1	1	1
Educación en Valores Cívicos e Éticos (galego)						1
<b>TOTAIS</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>	<b>25</b>
<b>TOTAIS EN GALEGO</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>	<b>13</b>

A presenza da lingua galega é plena na documentación administrativa, nas actividades impresas (como por exemplo a revista escolar...) no rotulado do centro e en todas as notas informativas e comunicacións tanto orais coma escritas, coas familias e institucións.

Noutro ámbito, @s compoñentes do ANPA son maioritariamente castelanfalantes, polo que colaboramos con el@s para que todas as notas informativas que redacten sexan en galego normativo.

O Concello, como institución pública é membro tamén da Comunidade Educativa, colabora no fomento do idioma ofertando actividades e promovendo o uso do galego.

### **3.- DESCRICIÓN DOS OBXECTIVOS**



Os obxectivos propostos xiran en torno a catro sectores:

### **3.1.- RESPECTO Á CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

1. Potenciar o uso do galego en todos os contextos incentivando o seu uso e transmisión.
2. Recuperar tradicións populares: festas e celebracións, xogos, cantigas, refráns, ditos...
3. Recuperar o prestixio social da nosa lingua entre todos os membros da comunidade educativa.
4. Desenvolver accións encamiñadas á superación de prexuízos lingüísticos.
5. Integrar ás familias na dinamización lingüística do centro.
6. Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa. Dar apoio ao ANPA nas actividades que realicen para que podan desenvolverse empregando sempre a lingua galega.

### **3.2.- RESPECTO Á SITUACIÓN DO PROFESORADO**

1. Continuar levando a cabo en galego toda a correspondencia cos organismos oficiais e entre o profesorado.
2. Dar a coñecer ao profesorado as disposicións legislativas en dereitos lingüísticos.
3. Involucrar ao profesorado en compromisos individuais que leven a un cambio de actitude con respecto ao idioma.
4. Propiciar o uso da biblioteca escolar como centro de recursos de información, lectura, aprendizaxe e divertimento empregando como lingua vehicular o idioma Galego.
5. Utilizar as TICs como medio para a inclusión do galego en todas as actividades.

### **3.3.- RESPECTO Á SITUACIÓN DO ALUMNADO**

1. Valorar e estimar a lingua galega como lingua propia, como mostra de identidade de Galicia e recoñecer a existencia da diversidade lingüística como feito cultural enriquecedor. Utilizar a lingua galega como instrumento de comunicación, expresión de ideas, sentimentos, de representación de

aprendizaxes e de gozo.

2. Achegarse á lingua escrita a través de diferentes tipos de textos.
3. Ser competentes na lingua galega, tanto no aspecto oral coma no escrito.

### **3.4.- RESPECTO Á SITUACIÓN LINGÜÍSTICA DO CENTRO**

1. Conseguir un maior emprego do galego na comunidade educativa.
2. Celebrar as festas tradicionais galegas (Magosto, Samaín, Entroido,...); así como moitas conmemoracións (Día da Paz, Día do Libro, Letras Galegas... e Festa de Fin de Curso.)
3. Organizar actividades complementarias e extraescolares que contribúan a difundir a cultura, empregando a lingua galega.
4. Utilizar a lingua galega en todos os actos oficiais e celebracións no centro, tanto sexan de carácter académico como de lecer.
5. Levar a cabo investigacións sobre o patrimonio sociocultural do contorno de Narón e concellos limítrofes.
6. Participar nos distintos concursos que convoque a Administración educativa co fin de acadar os recursos materiais e humanos que posibiliten a posta en práctica do Proxecto Lingüístico do Centro e as actividades a través das cales se desenvolve.

## **4.- DESCRICIÓN DAS ACTIVIDADES DE DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA ATENDENDO A ACADAR OS OBXECTIVOS DOS DIFERENTES SECTORES**

Durante o presente curso, ao igual que en cursos anteriores, traballaremos nun novo PDI: "As Artes Escénicas". Por outra banda, seguimos inmersos no Plan Proxecta, na modalidade "Centros activos e saudables", así como no proxecto de "Educación responsable" e todas as actividades colectivas do centro están encamiñadas e dirixidas nestes centros de interese, en consonancia tamén co lema central das bibliotecas escolares.

### **4.1.- A CONTORNA SOCIOLINGÜÍSTICA DO CENTRO**

#### **4.1.1.- CELEBRACIÓN DE FESTAS POPULARES E TRADICIONAIS**

1. O Samaín e o Magosto: 30 de outubro do 2024
2. O Entroido: 28 de febreiro do 2025

### 3. Os Maios: nos primeiros días de maio do 2025

#### **O SAMAÍN**

O alumando do centro decoran cabazas, coa axuda e colaboración das familias e realizamos con elas unha exposición no patio cuberto do centro: "Samaín 2024. Virxe do Mar" que, posteriormente, é visitada polas familias e polo resto da comunidade educativa. Recábase información, nas diferentes aulas, sobre as orixes do Samaín e as similitudes e diferenzas co Halloween para o que se usan as TICs e a biblioteca (na busca de debuxos, mapas, informacións, orixes comúns...).

Ademais os alumnos de 5º e 6º de EP lerán contos adaptados para as idades pertinentes de EI a 4º de EP ao longo da semana do 30 de outubro, relacionados coa temática do Samaín.

O día 30 poden vir disfrazados da casa con temática de medo (os mestres tamén). As imaxes son publicadas na páx. Web e no blog do centro (<http://bibliovirxedomar.blogspot.com.es>)

#### **OBXECTIVOS**

1. Dar a coñecer ao alumnado e ás familias a festa do Samaín e traballar todo profesorado, alumnado, familias e Concello en conxunto.
2. Fomentar as festas tradicionais entre o alumnado, as familias e toda a comunidade educativa.
3. Traballar todo o colectivo educativo e compartir con outros centros, coa colaboración do Concello, no obxectivo común de promoción e difusión destas celebracións e festas populares.

#### **O MAGOSTO**

Participan todos os/as alumnos/as de EI e EP e toda a comunidade escolar. Para a celebración, @s alumnos/as xunto coas profesoras elaboran traballos como murais, debuxos e manualidades características da data.

Os alumnos de 3º e 4º realizarán un obradoiro de decoración de cabazas realizado polo concello.

E os alumnos de 5º e 6º, continuando coa temática do Samaín, terán un obradoiro de "Esfolla", co fin de continuar coas tradicións galegas. A través deste obradoiro, os

nenos e nenas aprenden a elaborar os seus propios bonecos de maízo, axudados polo persoal que imparte o obradoiro que previamente explicarlles na aula a tradición da esfolla en Galicia.

No Magosto, ásanse as castañas e tómanse con leite, participando todo o colexio na festa. Cada aula baixará ao patio por quendas a facer algún xogo relacionado coa castaña. Cando rematen no xogo collerán as castañas para merendar no patio e celebrar conxuntamente o Samaín. As mellores imaxes serán publicadas na páx. web do centro (en Galería de imaxes/ Festas): <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar>

### **OBXECTIVOS**

1. Dar a coñecer ao alumnado a festa do Magosto e fomentar as festas tradicionais entre o alumnado.
2. Fomentar o aspecto lúdico da lingua.
3. Traballar toda a comunidade educativa o mesmo centro de interese.

### **O ENTROIDO:**

Toda a Comunidade educativa traballa sobre un centro de interese, e elabóranse os disfraces e as actividades a partires dese centro. Neste curso, o tema central será: "As Artes Escénicas". Cada aula/titoría prepara os seus propios disfraces. Realízanse os mandatos do Meco e tamén as coplas, unha por titoría, para o día do desfile poder cantar colectivamente. O profesor de Música realiza os arranxos musicais necesarios para adaptar as coplas colectivas e o retrouso xeral á cantiga "A saia da Carolina" de Fuxan os Ventos.

Ademais o mestre realizará unha "Batucada" a modo de pasarrúas Este día acoden todas as familias a desfrutar do desfile e desta celebración. Despois publícanse as mellores imaxes na páxina web do centro.

### **OBXECTIVOS**

1. Dar a coñecer ao alumnado diferentes manifestacións da cultura propia nas diferentes zonas galegas.
2. Fomentar a convivencia da xente con diferentes manifestacións culturais e unha mesma raíz.



3. Traballar xunta toda a comunidade educativa, fomentando a colaboración de todos e todas.

### **OS MAIOS**

Para preparar Os Maios recompílese toda a información, respecto a esta festa, en Internet e nos libros da biblioteca. Xeralmente realízase unha creación floral referida aos maios e o seu significado, participando todas as familias.

Temos pensado solicitar algún obradoiro ao concello, que nos permitiría colaborar a nivel de concello, nunha exposición colectiva de todos os centros de Narón participantes, se as circunstancias o permiten.

### **OBXECTIVOS**

1. Dar a coñecer ao alumnado a información sobre a celebración en diferentes lugares da xeografía galega.
2. Confeccionar algúns maios.
3. Asociar esta data co significado agrícola de antano.

### **4.1.2.-COÑECENDO O NOSO PATRIMONIO SOCIOCULTURAL E ARTÍSTICO**

O CEIP Plurilingüe Virxe do Mar está situado na confluencia dunha serie de concellos moi próximos. Grazas a este aspecto de proximidade o patrimonio cultural e social é certamente rico e variado, pois @s alumn@s do centro poden ir con certa facilidade aos demais concellos e coñecer así o noso patrimonio cultural, social e artístico en actividades que nos ofertan distintas institucións como son: o Padroado da Cultura de Narón, Entidades Financeiras coma o Centro Sociocultural Afundación, os Concellos de Narón, Ferrol, Lugo, A Coruña, actividades da Deputación, etc.

Debido á abundancia cultural da zona, existen moitas actividades extraescolares encamiñadas a conseguir o obxectivo de dar a coñecer o noso patrimonio cultural e social, con saídas, teatro, música en galego...

Obradoiros e actividades ofertadas polo Concello e/ou outros organismos. Son realizados integramente na lingua galega.

No pasado curso, realizouse o XXXIII Certame literario do Concello de Narón, promovido polo Concello de Narón, no que participan todos os centros educativos públicos do concello. Este curso 2024-2025 celébrase o XXXIII Certame literario .

Hai varias categorías. Todos os traballos deberán empregar obrigatoriamente a lingua galega.

O noso centro participa nas modalidades de murais, cómic, conto ilustrado, expresión oral (canción, poesía, teatro...), canción, audiovisual (curtametraxe, vídeo...).

Os traballos das modalidades de murais, conto ilustrado e cómic son expostos no Pazo da Cultura de Narón durante o mes previo ás Letras Galegas.

A modalidade de expresión oral ten lugar no Pazo da Cultura durante dous ou tres días próximos á conmemoración citada, coa asistencia do xurado.

A entrega de premios ten lugar no Auditorio de Narón, coa asistencia dos premiados, o xurado e diversas autoridades do Concello patrocinador e dos centros participantes.

Os/as premiadas tamén serán protagonistas da páx. web do centro.

## **OBXECTIVOS**

1. Favorecer as estratexias cooperativas dos diversos centros públicos de Narón.
2. Facilitar a dinamización da lingua galega interactuando e colaborando cos demais centros do concello.
3. Amosar a nosa cultura e a nosa realidade a toda a comunidade educativa.

### **4.2.- A SITUACIÓN DO PROFESORADO**

#### **4.2.1.- FORMACIÓN DO PROFESORADO. PFPP (ABN / PATIOS DINÁMICOS E CREACIÓN DE ESPAZOS / E-DIXGAL/ DIFICULTADES ESPECÍFICAS DO APRENDIZAXE DA LECTOESCRITURA)**

O profesorado do CEIP Plurilingüe Virxe do Mar participa nas distintas actividades que organiza o CFR de Ferrol. Ao longo deste curso, e conscientes da importancia de favorecer e apostar por unha competencia comunicativa e de aprendizaxe axeitada, a maioría do profesorado do centro está a participar nun curso de formación para desenvolver escenarios que o alumnado encóntrase na vida real, tanto comunicativos como de relación. Neste senso impartírase formación nas dificultades específicas da

aprendizaxe tanto do ámbito da lectura coma da escritura, en lingua castelá como en lingua galega.

Así como tamén estanse a formar na creación de espazos escolares deseñados para ser acolledores e accesibles a todos os estudantes, buscándose a participación e o goce das actividades que se realizan a nivel de centro por igual.

E por último, e non menos importante, Os mestres e mestras formaranse en Edixgal, xa que este ano somos centro E-Dixgal. O alumando, profesorado e familias participantes nesta iniciativa dispoñen dunha serie de elementos, que lles permiten desenvolver un ensino dixital: aulas dixitais, equipamento de alumnado e profesorado de uso persoal, un entorno virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración.

#### **4.2.2.- NOVIEMBRE: MES DA CIENCIA EN GALEGO**

No mes de novembro celebramos o “Mes da Ciencia en Galego”. No presente curso cada aula fará un experimento científico relacionado co son ou coa música e realizará un vídeo sobre o mesmo. Poderedes velos no blog: <http://bibliovirxedomar.blogspot.com/>

#### **4.2.3.- ACTIVIDADES ORAIS E DE ANIMACIÓN Á LECTURA**

##### **HORA DE LER**

Continuamos un curso máis cos vinte minutos de lectura integrándoo nas diferentes áreas impartidas ao longo da mañá, intentando motivar ao alumnado para que adiquen, cando menos, a metade do tempo á lectura en galego.

##### **OBXECTIVOS**

1. Fomentar e desfrutar da lectura.
2. Motivar ao alumnado na lectura en galego.
3. Potenciar futuros lectores en galego

##### **VISITA DALGÚN AUTOR/A COÑECIDO/A DA LITERATURA GALEGA OU CONTACONTOS**

Todos os anos procuramos, se o presuposto o permite, e tamén falando coas editoriais de libros, traer algún autor da literatura infantil galega, ilustrador, artista ou figura

relevante, que nos visite no centro e nos achegue, máis de cerca, á súa obra, ou nos ofrezca información. Tamén nos motiva para buscar datos previamente e poder coñecer mellor, tanto a/o artista como a súa obra.

## **OBXECTIVOS**

- Coñecer a vida e a obra de destacadas figuras galegas.
- Motivar o gusto pola lectura e a expresión oral en galego entre o alumnado a través da visita de personaxes destacados e coñecidos.
- Interaccionar entre o alumnado e o/a visitante na lingua galega.

## **PRENSA-ESCOLA**

Continuando co fomento da lectura, este curso os alumn@s de 6º de primaria continúan participando no proxecto de Prensa- escola incentivado polo xornal "A Voz de Galicia" para que o xornal chegue á escola e convértase nun importante elemento pedagóxico no proceso de aprendizaxe dos alumnos.

Para isto, o alumnado terá a disposición nas aulas exemplares do xornal; un suplemento semanal, A Voz da Escola; un portal web con multitude de actividades e recursos; ademais de cursos para que os profesores aprendan a utilizar o diario en clase e talleres de novas tecnoloxías;

Tamén haberá concursos para que os alumnos achéguese ao oficio de xornalista e para incentivando a escritura e lectura en lingua Galega.

## **OBXECTIVOS**

1. A través das súas páxinas, os escolares desenvolvan o sentido crítico que lles axudará a formarse como cidadáns dunha sociedade plural e democrática.
2. Motivar o gusto pola lectura e a expresión oral en galego entre o alumnado a través doutro formato como é o xornalístico.
3. Facilitar o acceso da comunidade escolar aos medios de comunicación tradicionais, traballa para introducila no uso construtivo das novas tecnoloxías.

### **4.2.4.- ACTIVIDADES MOTIVADORAS**

#### **INTERNET NAS AULAS**



Ter internet nas aulas permítenos acceder a numerosas actividades, recursos e páxinas na rede, facendo a aprendizaxe na lingua galega moito máis motivadora.

#### 4.3.- A SITUACIÓN DO ALUMNADO

Neste curso están previstas as seguintes actividades:

<b>1ºTRIMESTRE</b>	
<b>OUTUBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Mes da biblioteca</b> → Presentación do PDI "As Artes Escénicas" a través do visionado dos vídeos. Inauguración do ano escolar da nosa biblioteca coa actuación de <i>Paco Pacolas</i> (11 de Outubro)</li> <li>• <b>30/10/24</b>→ <b>Samaín (semana do 28 de outubro)</b>: exposición de cabazas do luns 28 ao xoves 30 de novembro. O alumnado de 5º e 6º lerán por quendas ao longo da semana contos de medo ao resto dos cursos.</li> <li>• <b>Magosto (30/10/23)</b> → Cada aula baixará ao patio por quendas a facer algún xogo relacionado coa castaña. Cando rematen no xogo collerán as castañas para comer no patio.</li> <li>• <b>Túnel do Terror</b>: Realizarase una decoración de medo do corredor do primeiro andar, onde terán lugar diferentes actos de susto para os alumnos que lles toque pasar, amenizado con música de fondo axeitada para a ocasión.</li> </ul>
<b>NOVEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Mes da Ciencia</b> → Cada aula fará un experimento científico/invento relacionado coa música ou relacionados co son. - Carro viaxeiro de Ciencia desde a biblioteca</li> <li>• <b>Día internacional contra a Violencia de Xénero (25/11/24)</b> → <ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Exposición de libros</b> de temática de igualdade e contra a Violencia de Xénero na biblioteca.</li> <li>• <b>Canción de Amaral</b> que cantarse no patio todos xuntos.</li> <li>• <b>Kamishivay</b> de Rosa caramelo para EI e 1º de EP.</li> <li>• Actividades do FAMPA.</li> </ul> </li> <li>• 20 de Novembro carreira 1 entre 100,000 ( <b>Día Universal da Infancia</b>)</li> </ul>
<b>DECEMBRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Xincana persoas con discapacidade ( 03-12-24)</b>. realización dunha Xincana para intentar concienciar ao alumnado sobre as dificultades que teñen as persoas con discapacidade.</li> <li>• <b>Comemoración da constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia ( semana do 6 de decembro)</b> cada clase terá unha frase propia de Galicia para traballar a nosa historia e autonomía.</li> <li>• <b>Semana do 16 de Decembro</b> →Apalpador para os pequenos. Festival de Nadal e Badaladas no patio de primaria.</li> </ul>
<b>2ºTRIMESTRE</b>	
<b>XANEIRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Día da Paz (30/01/25)</b>: Carro viaxeiro da Paz Talleres artísticos nas aulas e exposición do mesmo.</li> </ul>

	Taller musical: aprender a canción da paz. Baile da paz no patio.
<b>FEBREIRO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Día de Rosalía (24/02/25)</b> → Proposta da AELG</li> <li>• <b>Entroido " As Artes Escénicas" (28/02/25)</b> → Cada clase disfrazarase dalgún tema relacionado co PDI que se está a desenvolver este ano no centro.</li> </ul>
<b>MARZO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Día Internacional da Muller (08/03/25)</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lazo violeta feito con lazos individuais na celosía.</li> <li>- Ciencia en movemento.</li> </ul> </li> <li>• <b>Semana da prensa ( Do 10 ao 14 de Marzo do 2025)</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Traballo con xornais na aula.</li> </ul> </li> </ul>
<b>3º TRIMESTRE</b>	
<b>ABRIL</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Semana do Libro ( Do 21 ao 25 de Abril)</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Xogo de pistas na biblioteca para atopar un libro de lectura.</li> </ul> </li> <li>• <b>Semana da educación física na rúa</b></li> </ul>
<b>MAIO</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• <b>Día das Letras Galegas (17-05-25)</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Revista Andar.</li> <li>- Unidades Didácticas do Seminario Galán.</li> <li>- Video colectivo.</li> </ul> </li> <li>• <b>Día Internacional contra o acoso escolar ( 02-05-25)</b></li> </ul>

Cómpre nomear algunhas outras:

- Audición de cedés e visionado de películas en galego.
- Lemos e compartimos adiviñas, trabalinguas, rimas, cantigas...fomentando o galego oral.
- Imos de visita ou de excursión e coñecemos o noso patrimonio sociocultural e artístico.
- Dramatizamos, recitamos, contamos historias de obras da nosa rica literatura galega.
- Utilizamos as TICs para investigar, aprender, difundir, divertirnos,...na lingua galega.
- Realizamos contos, historias, poesías... para expresar experiencias, soños, vivencias, sentimentos...en lingua galega, fomentando deste xeito a expresión oral e escrita.
- Durante este curso leremos e comentaremos, a partir de 3º de E.P, un libro da literatura galega por trimestre.

### **ACTIVIDADES VARIADAS NA RADIO DO CENTRO**

Trátase de elaborar pequenos textos no mes das Letras Galegas a partir da figura e/ou da obra de ***As cantareiras e a poesía popular oral***, no que participen tod@s @s alumnos/as

do centro.

Para a súa elaboración cada aula realizará pequenos textos de diversa índole e temática, coordinados polo seu titor/a. Estes textos serán expostos na radio do centro así como na páx. web do centro e presentado a toda a comunidade educativa.

## **OBXECTIVOS**

1. Familiarizarse coa expresión oral en galego coa axuda das tics.
2. Expresarse en galego, empregando novo vocabulario.
3. Traballar colectivamente nun obxectivo común.

### **4.4.- A SITUACIÓN DO CENTRO**

#### **4.4.1.- CONMEMORACIÓNS E ACTIVIDADES COLECTIVAS**

Dentro deste apartado entran a maioría das actividades que realizamos en todo o centro, de carácter colectivo, deseñadas e consensuadas polo profesorado en reunións previas: do Equipo Directivo cos distintos Equipos (Dinamización, Biblioteca, Extraescolares e Tics), dos diferentes equipos e de todo o claustro, procurando o máximo grao de implicación de toda a comunidade educativa no deseño e desenrolo dos proxectos e dunha aprendizaxe en galego o máis significativa e integral posibles.

Durante este curso, ademais das festas tradicionais, xa mencionadas, temos programada a celebración das conmemoracións citadas no apartado anterior.

#### **4.4.2.- A NOSA REVISTA "ANDAR"**

Esta é unha actividade que dura todo o curso, pois recóllense os traballos que fai o alumnado durante o curso, que poden ser de temática variada e de carácter colectivo.

Para realizar a revista, utilízanse as TICs, e tamén se recollen os traballos de toda a comunidade educativa.

Seguidamente, faise unha selección de traballos e despois publícanse na revista, que se edita en papel e tamén en formato dixital, na pax. web do centro.

Cada familia recibe unha revista a través dos/as nenos/as arredor da data das Letras Galegas. Faise tamén un reparto ao profesorado, persoal non docente e distintas administracións que colaboraron co centro. Compartimos a experiencia tamén con todos os centros públicos de Narón.

## OBXECTIVOS

1. Contribuír ao uso da lingua galega no centro e no ámbito de influencia do mesmo.
2. Dignificar o uso do galego na prensa escrita como lingua de comunicación social e científica.
3. Fomentar hábitos de traballo en equipo.
4. Facer do xornal escolar unha tarefa común a toda a comunidade educativa.

## 5.- CONCLUSIÓN

Este proxecto pretende:

Animar a toda a comunidade educativa, pero, sobre todo ao alumnado, a falar, comunicarse, ler, escribir e ser competente na lingua galega, nos seus niveis oral e escrito, en igualdade co castelán; ademais de desfrutar e ser feliz, sentindo e pensando en galego.

Reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos e facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que lle axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, afastado de usos sexistas e respectuoso coa situación sociolingüística en que se enmarca o noso centro.

Establecer un programa de actividades de fomento da lingua, no marco do noso proxecto lingüístico e coa participación de toda a comunidade educativa, con especial atención ás liñas de actuación que permitan un incremento do uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Contamos coa colaboración de todo o profesorado, dos diferentes Equipos (Directivo, Biblioteca, Tics, Extraescolares), do alumnado, das familias, do Concello e doutras institucións. Trátase de implicar activamente a toda a comunidade educativa na dinamización da lingua galega. Procuramos tamén colaborar con entidades e asociacións externas ao centro, así como un maior uso das novas tecnoloxías e deseño de actividades plurianuais para conseguir un maior impacto e difusión sociais desta lingua. Para a realización deste proxecto elabórase un cadro da temporalización de cada unha das actividades.

Agardamos ter financiamento dabondo para poder levalas a cabo ao longo do curso 2024-2025.

As canles dixitais onde se poden ver algunhas das actividades e imaxes que figuran neste proxecto son as seguintes:

<https://www.facebook.com/CEIP-Plurilingüe-Virxe-do-Mar>

<http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvirxedomar/image>

<http://bibliovirxedomar.blogspot.com> [https://www.youtube.com/playlist?](https://www.youtube.com/playlist?list=PLr9I-dTK1hZuleWcXXsj7Sal914q9g_xO)

[list=PLr9I-dTK1hZuleWcXXsj7Sal914q9g\\_xO](https://www.youtube.com/playlist?list=PLr9I-dTK1hZuleWcXXsj7Sal914q9g_xO)

## 6.-CADRO DA TEMPORALIZACIÓN DAS ACTIVIDADES

	<b>Actividades</b>	<b>Responsables Departamentos</b>	<b>Destinatarios /as</b>	<b>Orzamento</b>	<b>Materiais</b>
Todo o curso	Festas tradicionais	EDLG, TICS, ED, EBIBL, EC, T, C	Toda a comunidade educativa	200,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
	Coñecer o patrimonio sociocultural e artístico	EAAEE, ED, EC, T EDLG, C	Todo o centro	0,00 €	Material funxible, materiais e ferramentas tecnolóxicas e medios de transporte
	Proxectos colectivos "As Artes Escénicas" "Educación responsable", Plan Proxecta	EDLG, EBIBL, TICS, ED, EC, T	Toda a comunidade educativa	100,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
	Actividades motivadoras	EF, ED, EBIBL, C, EDLG, TICS, P, A	Todo o centro.	0,00 €	Material de EF, xogos, material funxible, material e ferramentas tecnolóxicas
	Somos contacontos	EDLG, EBIBL, EP, EI.	Todo o centro.	50,00 €	Material funxible e material e ferramentas tecnolóxicas
	Revista "ANDAR"	EDLG, TICS, ED, EC, T	Toda a comunidade educativa, outros centros e institucións.	600,00 €	Material funxible e tecnolóxico, ferramentas tecnolóxicas e imprenta...
2º trimestre	Marzo: Día de Rosalía. Día da muller, Día da Poesía.	EDLG, ETICS, ED, EBIBL, P, A, C, AELG	Toda a comunidade educativa	50,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
	Semana da Prensa	EDLG, ETICS, ED, EBIBL, P, A	Todo o centro.	50,00 €	Material funxible e materiais e

					ferramentas tecnolóxicas
3º trimestre	Día do Libro	EDLG, ETICS, ED, EBIBL, P, A	Toda a comunidade educativa.	50,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
	Certame literario Intercentros de Narón.	EDLG, ETICS, EC, ED, P, A e C	Toda a comunidade educativa, C, outros centros da contorna.	200,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
	Celebración das Letras Galegas	EDLG, ETICS, EC, ED, P, A	Toda a comunidade educativa.	100,00 €	Material funxible e materiais e ferramentas tecnolóxicas
			<b>TOTAL:</b>	<b>1.800,00 €</b>	

**LENDAS:**

*EAAEE = Actividades Extraescolares*

*EDLG= Equipo de Dinamización Lingua Galega*

*ED=Equipo Directivo*

*P= Profesorado*

*F= Familias*

*EC = Equipo de Ciclo*

*EI = Educación Infantil*

*AELG= Asociación escritores en lingua galega*

*EBIBL=Equipo de Biblioteca*

*ETICS= Equipo de Tics*

*A = Alumnado*

*T=Titorías,*

*C= Concello*

*EF=Educación Física*

*EP = Educación Primaria*

*LLGG= Letras Galegas*

Narón, a 27 de setembro do 2024